



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Bibliotecas Dixitais	Código	710G02036	
Titulación	Grao en Información e Documentación			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputaciónHumanidades			
Coordinación	Maseda Seco, Diego	Correo electrónico	d.maseda@udc.es	
Profesorado	Maseda Seco, Diego	Correo electrónico	d.maseda@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é introducir aos alumnos nos procesos e técnicas de planificación, construción e xestión de bibliotecas dixitais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento da natureza da información e dos documentos, dos seus diversos modos de produción e do seu ciclo de xestión, dos aspectos legais e éticos do seu uso e transferencia, e das fontes principais de información en calquera soporte, e ao longo do tempo.
A2	Coñecemento, comprensión, aplicación e valoración dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a planificación, organización e avaliación de sistemas, unidades e servizos de información.
A3	Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos, e das técnicas para a creación e autentificación, reunión, selección, organización, representación, preservación, recuperación, acceso, difusión e intercambio, e avaliación da información e dos recursos informáticos.
A4	Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
A5	Coñecemento e aplicación das tecnoloxías da información que se emprega nas unidades e servizos de información e nos procesos e transferencia da información.
A6	Coñecemento da realidade nacional e internacional en materia de políticas e servizos de información e das industrias da cultura
A7	Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación
A8	Habilidades na obtención, tratamento e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
B6	Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información
B7	Capacidade de xestión da información relevante
C2	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C3	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas cara o ben común
C4	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C7	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C9	Resolver problemas de forma efectiva
C12	Traballar de xeito colaborativo
C16	Capacidade de integración en equipos multidisciplinares
C18	Capacidade para a adaptación a cambios no contorno



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os conceptos básicos da arquitectura tecnolóxica das bibliotecas dixitais	A1 A3 A5 A6 A7		C2 C3 C4 C7
Saber xestionar o proceso de dixitalización de contidos para unha biblioteca dixital	A1 A3 A5 A6 A7	B6 B7	C2 C3 C4 C7
Saber planificar, crear e xestionar unha biblioteca dixital	A1 A2 A3 A5 A6 A7 A8	B6 B7	C2 C3 C4 C7 C9 C12 C16 C18
Coñecer e poder aplicar linguaxes de marcado para catalogar documentos nunha biblioteca dixital	A1 A3 A5 A6 A7		C2 C3 C4 C7
Coñecer conceptos básicos de preservación dixital de documentos	A1 A3 A5 A6 A7		C2 C3 C4 C7
Coñecer os principios e elementos que configuran as bibliotecas dixitais desde o punto de vista documental	A2 A3 A5 A6		C2
Coñecer e saber aplicar os principais formatos e estándares	A1 A3 A4 A5 A8	B6 B7	C2 C9 C12
Identificar recursos de información, pautas e proxectos relativos a bibliotecas dixitais	A1 A6	B7	
Coñecer e comprender a terminoloxía da materia	A1 A3		

Contidos	
Temas	Subtemas



Módulo de Documentación	<p>1) Bibliotecas dixitais: concepto, características e evolución</p> <p>2) Planificación e xestión de bibliotecas dixitais</p> <p>3) A colección na biblioteca dixital: os procesos documentais</p> <p>4) Bibliotecas dixitais: avaliación, exemplos e proxectos</p>
Módulo de Informática	<p>1) Arquitectura de bibliotecas dixitais</p> <p>2) Creación e xestión dunha biblioteca dixital</p> <p>3) Linguaxes de marcado</p> <p>4) Preservación dixital</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A8 C2	10	20	30
Sesión maxistral	A1 A6 A7 C3 C4 C7	21	0	21
Portafolios do alumno	B6 B7 C2 C9 C12 C18	11	20	31
Traballos tutelados	A7 A8 B6 B7 C2 C9 C12 C16 C18	0	66	66
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Análise e resolución de situacións e problemas vinculados á planificación e xestión de bibliotecas dixitais.
Sesión maxistral	Desenvolvemento expositivo dos contidos esenciais correspondentes aos temas en que se divide o programa. Visualización de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.
Portafolios do alumno	Carpeta de traballo dos alumnos que deben entregar periódicamente e no prazo estipulado á profesora coas distintas actividades plantexadas: resumos e análises de lecturas, esquemas e contido teórico-práctico, exercicios prácticos e probas escritas para o seguimento dos coñecementos adquiridos.
Traballos tutelados	Estarán orientados á aplicación dos conceptos e técnicas da materia de forma autónoma por parte do alumnado, contando sempre coa atención personalizada e seguimento dos docentes. Os traballos elaboraranse de acordo coas pautas formais e de contido proporcionadas polos profesores.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Axuda e resolución de problemas.
Estudo de casos	
Portafolios do alumno	Este tipo de atención terá especial peso nos traballos tutelados, para os cales os docentes irán marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propor as variacións ou modificacións necesarias.  Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, utilizaranse as tutorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma informática da UDC.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A7 A8 B6 B7 C2 C9 C12 C16 C18	Terase en conta a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas, a resolución de problemas, fontes e bibliografía utilizada, e a entrega do traballo no prazo establecido.  Realizarase unha presentación oral do traballo que tamén se terá en conta na avaliación.	50
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A8 C2	Valoración da resolución, claridade expositiva e presentación dos casos.	25
Portafolios do alumno	B6 B7 C2 C9 C12 C18	Valorarase a adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, con especial interese nas achegas dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación.  Entregarase cada actividade na data indicada polo profesor.  Non se avaliarán as actividades presentadas fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aquelas que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	25

### Observacións avaliación

**PRIMEIRA OPORTUNIDADE** Para aprobar a materia é obrigatorio:

Obter unha nota mínima global de 5 (sobre 10). Unha **NOTA MÍNIMA** de 2 (sobre 5) nos traballos tutelados. A presentación de todos os estudos de casos e o portafolios do alumno. De non obter a nota mínima nos traballos tutelados ou de non presentar os estudos de casos e o portafolios do alumno, a nota máxima global da materia non será superior a un 4,9.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE

Poderán presentarse á segunda oportunidade **ÚNICAMENTE** aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. A recuperación de cada unha das partes farase da seguinte forma:

Traballos tutelados (50% da nota final): realización e presentación nas mesmas condicións que na primeira oportunidade. Estudos de casos, portafolios do alumno e sesións maxistras (50% da nota final): realización dunha proba escrita teórica e práctica. Se un/unha estudante decide non realizar a recuperación dalgunha das partes, conservará a nota obtida na primeira oportunidade nesa parte. Os/as estudantes con nota inferior a 2 nos traballos tutelados na primeira oportunidade deberán recuperalos obrigatoriamente na segunda oportunidade para aprobar a materia. Para aprobar a materia é obrigatorio obter unha nota mínima de 2 sobre 5 nos traballos tutelados, e de 5 sobre 10 na nota global. **DISPENSA ACADÉMICA** Aqueles/as estudantes con matrícula a tempo parcial e dispensa académica que lles exima da asistencia ás clases poderán, en primeira oportunidade, demostrar o seu coñecemento da materia mediante un exame teórico e práctico que valerá o 50% da nota e entregar os traballos tutelados. Para a segunda oportunidade, as condicións son as mesmas que as do resto do alumnado.

### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- DÍEZ CARRERA, Carmen (2012). La biblioteca digital. Gijón: Trea</li><li>- FERRER SAPENA, Antonia; PESET MANCEBO, Fernanda; MORENO NÚÑEZ, María T.; LLORET ROMERO, Nùria (2005). Guía metodológica para la implantación de una biblioteca digital universitaria. Gijón: Trea</li><li>- MARTÍNEZ EQUIHUA, Sául (2007). Biblioteca digital: conceptos, recursos y estándares. Buenos Aires: Alfagrama</li><li>- MORALES DEL CASTILLO, José Manuel (2011). Hacia la biblioteca digital semántica. Gijón: Trea</li><li>- VOUSTSSÁS MÁRQUEZ, Juan (2006). Bibliotecas y publicaciones digitales. México: UNAM, Centro de Investigaciones Bibliotecológicas</li><li>- VANDENDORPE, Christian (2009). From Papyrus to Hypertext: Toward the Universal Digital Library. University of Illinois Press</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Informática Aplicada/710G02004

Análise Documental/710G02013

Informática Documental/710G02015

Aspectos Xurídicos de Acceso á Información/710G02020

Catalogación Formal de Documentos Electrónicos/710G02022

Fontes de Información Especializadas/710G02024

Bases de Datos Documentais/710G02025

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prevenición e Conservación Documental/710G02038

Deseño de Recursos Informativos en Web/710G02039

### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías